



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A FUNDACIÓN CATEDRAL DE SANTIAGO PARA A REHABILITACIÓN DAS FACHADAS E CARPINTERÍAS DO EDIFICIO MODERNISTA UBICADO NO CONXUNTO EDIFICATORIO DO CENTRO INTERNACIONAL DE ACOLLIDA AO PEREGRINO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Fundación Catedral de Santiago o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases reguladoras da concesión directa dunha subvención por parte da Axencia Turismo de Galicia á Fundación Catedral de Santiago para financiar os custos das obras de rehabilitación do conxunto edificatorio situado no Centro Internacional de Acollida ao Peregrino, consistentes na substitución das carpinterías das fachadas do edificio modernista, así como das escaleiras existentes que comunican as plantas altas do edificio.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a





devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade galega e particularmente do produto estrela de todos os galegos, o Camiño de Santiago, e no exercicio das súas funcións, lle corresponde executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Segundo.- A Fundación Catedral Santiago ten entre os seus fins, a promoción, fomento e difusión da Catedral de Santiago de Compostela, o seu entorno e o seu patrimonio artístico e cultural, así como a xestión, explotación e posta en valor das infraestruturas da Catedral de Santiago, o seu entorno e o seu patrimonio artístico e cultural.

Terceiro.- O edificio do antigo Asilo de Anciáns da rúa das Carretas foi rehabilitado mediante un convenio de colaboración entre o Arcebispado de Santiago de Compostela e a Xunta de Galicia para destinalo ao Centro Internacional de Acolida ao Peregrino, inaugurado o pasado mes de outubro.

As actuacións obxecto deste convenio pretenden continuar co proceso de rehabilitación de dito conxunto edificatorio.

Que a través deste convenio, outórgase á Fundación Catedral de Santiago de Compostela unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Axencia Turismo de Galicia



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

